



Inicialmente podes recoller o **KIT SANECAN** con bolsas de mostra no **Concello de Soutomaior** e en edificios públicos: Multiusos de Arcade e Biblioteca de Arcade, ata esgotar existencias.

Máis información no  
Concello de Soutomaior

986 70 51 06  
986 70 51 14

A campaña **Conto contigo** do Concello de Soutomaior xa está en marcha. O obxectivo da mesma é que todos os propietarios de cans sen excepción, recollan os excrementos das súas mascotas.

É unha responsabilidade de todos. O Concello de Soutomaior e a túa mascota contan contigo.

**¡Non lles falles!**



Patrocinan:



Concello de Soutomaior


# Conto contigo



Para manter limpo o concello  
Recolle sempre os excrementos da túa mascota



INFORMACIÓN PARA DONOS DE CANS



Estimado/a veciño/a:

Ter unha mascota na casa é sempre un motivo de leducia. As mascotas teñen un **importante papel na sociedade** ofrecendo numerosos beneficios as persoas. Eles dannos moito e a cambio pidennos moi pouco. Unha das cousas que as nosas mascotas non poden facer é recoller os seus excrementos.

Para ti, unha vez que te afás, é moi pouco esforzo, xa que é unha **cuestión de hábitos**. Deste xeito, a **acción colectiva** supón un grandísimo beneficio para o Concello e os seus veciños, mellorando a convivencia e evitando graves problemas:

- **Hixiénicos e Sanitarios.** Para manter limpas e saudables as nosas rúas, parques, xardíns, espazos infantís e non xerar así perigosos focos de infección.
- **Seguridade.** En ocasións chéganse a producir caídas (especialmente entre a poboación infantil, discapacitada e da terceira idade) cun custo persoal e social moi elevado.
- **Deterioro** do noso contorno e da imaxe do Concello. ¡Coidemos del e poñámolo no lugar que se merece!

**Lembra que o Concello é de todos.  
Comprometidos co noso Concello.**

## Unha cuestión de saúde pública

Os excrementos caninos son a principal fonte de contaxio de enfermidades entre mascotas e poden crear no Concello zonas contaminadas por ovos de parásitos, capaces de infectar ás persoas e producir diversas afeccións.

### Sancións e Normativa

Ordenanza de tenencia de animais na vía pública (BOP nº 169) 02/09/2010.

Tes que saber que a falta de responsabilidade que supón non recoller os excrementos caninos pode levar sancións de ata 600 euros (Artigo 15).

Lembra que os cans nas vías e espazos públicos deben ir sempre atados.

**¡Evitar as sancións e cumprir o teu compromiso coa sociedade ó teu alcance!**



## Contamos contigo para...

1. Levar sempre ao teu can atado.
2. Non saír nunca de casa a pasear a túa mascota sen a túa bolsiña (ou calquera bolsa de plástico). Leva sempre mais dunha, porque ás veces o teu can necesitaas.
3. Recoller sempre os excrementos do teu can.

### Ideas erróneas

Non penses que deixar os excrementos nun xardín ou zona verde é beneficioso porque se converten en abono. Se o fas estarás a provocar un foco de infección e reducindo o espazo de esparcemento e goce de todos, pero especialmente dos nosos nenos.

**¡Grazas pola túa colaboración!**